A presente Ordenanza, que consta de dez artigos e unha disposición final entrará en vigor o día da súa publicación no "Boletín Oficial da Provincia", e será de aplicación no exercicio de 2011, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL Nº 5 REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACION DO SUBSOLO, SOLO E ESPAZO AEREO EN SUPERFICIES DE USO PUBLICO LOCAL

De conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do RDL2/2004, de 5 de marzo e nos artigos 20 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Fene fai uso das facultades que a lei lle confire para a modificación da ordenanza fiscal nº 5 reguladora da taxa pola ocupación do subsolo, solo e espazo aéreo en superficies de uso público local modificándose os artigos seguintes nos termos redactados quedando derogada, polo tanto, a redacción anterior. Polo que respecta ó resto dos capítulos da ordenanza fiscal, a súa redacción manteríase nos mesmos termos.

Artigo 6. Tarifas

Aplicaranse as seguintes tarifas por anos:

Tarifa	Concepto	Zonas 1, 2 e 3	Zonas 4, 5 e 6	Zona 7	Zona 8
1.Rieles,	Tubos de conducción de	0,3	0,16	0,10	0,57

Tarifa	Concepto	Zonas 1, 2 e 3	Zonas 4, 5 e 6	Zona 7	Zona 8
transformadores, caixas de amarre, distribución e de rexistro, cabos, tubos, e outros elementos análogos no subsolo.	auga de menos 50 mm de diámetro, por m lineal ou fracción e semestre				
	Tubos de condución de auga de 50 mm até 150 mm de diámetro, por m lineal ou fracción e semestre	0,57	0,35	0,25	1,17
	Tubos de condución de auga de máis de 150 mm de diámetro, por m lineal ou fracción e semestre	0,87	0,50	0,35	1,74
	Cabos de condución eléctrica soterrados, por m lineal ou fracción e semestre	0,3	0,16	0,10	0,57
	Cabos de condución telefónica e/ou telemática (voz e datos) soterrados, por m lineal ou fracción e semestre	0,57	0,35	0,25	1,17
	Tubos de condución de gas de 50 mm de diámetro, por m lineal ou fracción e semestre	0,57	0,35	0,25	1,17
	Tubos de condución de gas de 50 mm até 150 mm de diámetro, por m lineal ou fracción e semestre	1,17	0,36	0,46	2,35
	Tubos de condución de gas de máis de 150 mm de diámetro, por m lineal ou fracción e semestre	2,35	1,4	0,92	4,7
	Outros cabos non especificados nesta tarifa, por m lineal ou fracción e semestre	0,87	0,52	0,35	1,74
	Outros tubos non especificados nesta tarifa, por m lineal ou fracción e semestre	3,5	2,09	1,39	7
	2. Grúas, guindastres e outros elementos análogos	Por cada elemento no que o brazo ou pluma ocupe no seu percorrido o voo da vía pública, por semestre	140,44	70,2	35,1
3. Depósitos	De combustíbel, por m3 de capacidade	2,9	1,74	1,17	5,85
	De outras substancias, por m3 de capacidade	1,46	0,87	0,57	2,9
4. Espacio aéreo ocupado por postes, cables, rieles o palomillas	Por cada m2 de superficie ocupada con postes	1,9	1,58	3,05	0,74
	Por cada m2 de superficie ocupada con cables	2,65	2,25	1,53	0,37
	Por cada metro cuadrado ocupado por rieles	1,33	1,4	0,8	0,19

As categorías correspóndense coas seguintes zonas tal e como figuran no Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral:

Categoría 1: Correspóndese coa zona Industrial (nº 8) da Ordenanza Fiscal Xeral.

Categoría 2: Correspóndese coas zonas 1,2,3 da Ordenanza Fiscal Xeral

Categoría 3: Correspóndese coas zonas 4, 5, 6, da Ordenanza Fiscal Xeral

Categoría 4: Correspóndese coa zona rural (numero 7) da Ordenanza Fiscal Xeral.

2.- No suposto en que o espacio afectado figure na confluencia de dúas ou máis rúas clasificadas en distinta categoría, aplicarase a tarifa correspondente á rúa de categoría superior.

Nota para a aplicación da tarifa: As instalacións e aparatos non enumerados de maneira expresa nos anteriores epígrafes, pero que realizan un aproveitamento do subsolo, solo e vo da vía pública substancialmente igual os enunicados estarán sometidos a tarifa do aparato ou instalación que máis se lle asemelle.

ARTIGO 7: Reintegros de gastos de reconstrucións e indemnizacións.

Cuando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparellada a destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, estará obrigado :

a) ó reintegro do custe total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ó depósito previo do seu importe ou aval por dita cantidade, según á conta que formule a oficina técnica municipal. Si os danos foran irreparables, a entidade será indemnizada en contía igual ó valor dos bens destruídos ou a o importe do deterioro dos danados.

b) a Indemnización por depreciación ou deterioro da vía pública.

Indemnización por depreciación ou deterioro da vía pública.	Tarifa €
1.- Por cada metro cadrado de zanja aberta en terra, aínda que a reconstrución a efectúe o interesado...	0.15
2.- Por cada metro lineal de bordillo sobre beirarrúa...	0.68
3.- Por cada metro lineal de bordillo sobre formigón..	0.98
4.- Por cada metro cadrado de beirarrúa pavimentada, calquera que sexa o material da mesma....	1,17
5.- Por cada metro cadrado de afirmado de macadám ordinario....	0.50
6.- Por cada metro cadrado de empedrado sobre formigón...	1,17
7.- Por cada metro cadrado de empedrado sobre beirarrúa...	0.60
8.- Por cada metro cadrado de pavimento de asfalto ou loseta asfáltica sobre formigón...	1,58
9.- Por cada metro cadrado de rego asfáltico sobre macadám...	0.87
10.- Por cada metro cadrado de beirarrúa na que se teña construído somentes a capa de rodadura conservando o formigón de cemento...	0.41
11.- Por cada metro cadrado de firme de formigón...	0.70

En ningún caso efectuarase a liquidación por cantidade inferior á superficie ocupada dun metro cadrado.

O Concello non poderá condonar total ou parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire o presente apartado

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio 2011 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 6 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACION PRIVATIVA OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PUBLICO LOCAL POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO LOCAL CON MERCANCIAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCION, VALLAS, PUNTAIS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIONES ANALOGAS.

De conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do RDL2/2004, de 5 de marzo e nos artigos 20 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Fene fai uso das facultades que a lei lle confire para a modificación da ordenanza fiscal nº 6 reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local pola ocupación de terreos de uso público local con mercancías, materiais de construción, vallas, puntais, andamios e outras instalacións análogas, modificándose os artigos seguintes nos termos redactados quedando derogada, polo tanto, a redacción anterior. Polo que respecta ó resto dos capítulos da ordenanza fiscal, a súa redacción manteríase nos mesmos termos.

ARTIGO 10º.-

A cuota tributaria consistirá na cantidade resultante de fixar unha tarifa e calcularase atendendo ás características da vía na que se realice a ocupación.

A tal fin as rúas do municipio clasificaranse nas categorías que figuran de seguido.

Nos supostos en que o espazo afectado figure na confluencia de dúas ou mais rúas clasificadas en distintas categorías, aplicarase a tarifa correspondente á rúa de categoría superior.

Zona	Descrición do tipo de rúa	Custo ocupación m2/mes (€)
A	Zona Industrial (numero 8) tal e como figura na clasificación do Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral.	5,1
B	Zonas 1 , 2, 3 segundo a clasificación do Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral	4,59
C	Zonas 4, 5 , 6, segundo a clasificación do Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral	3,2
D	Zona rural (numero 7) do Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral	2,2

ARTIGO 11º.-

7.- Cando se trate de ocupación con vallas da vía pública, con carácter mínimo e sempre que por aplicación da precedente tarifa non se acade outra superior percibirase a cantidade de 14,10 euros/mes; tratándose de vallas voladas, andamios, puntais e outros elementos de apeo a cuota mínima será de 7,00 euros/mes.

Os puntais e andamios que estén situados dentro do perímetro limitado pola valla non darán lugar á liquidación por tal tarifa, incluíndose nas cuotas correspondentes ó concepto específico de vallas. A partir do sexto mes a tarifa por ocupación da vía pública con vallas experimentará un incremento acumulativo do 10% por cada mes de exceso e mentras as obras non remataran.

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio 2011 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 10 REGULADORA DA TAXA POLA TALA DE MASAS ARBOREAS E DA PROTECCION DE ARBORES E PRANTAS NO TERMO MUNICIPAL.

De conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do RDL2/2004, de 5 de marzo e nos artigos 20 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Fene fai uso das facultades que a lei lle confire para a modificación da ordenanza fiscal nº 10 reguladora da taxa pola tala de masas arbóreas e da protección de árbores e prantas no termo municipal,

modificándose os artigos seguintes nos termos redactados quedando derogada, polo tanto, a redacción anterior. Polo que respecta ó resto dos capítulos da ordenanza fiscal, a súa redacción manteríase nos mesmos termos.

ARTÍGO 5º.-

A cuota tributaria consistirá na cantidade resultante de fixar unha tarifa e calcularase dacordo cos conceptos e importes establecidos nos correspondentes números da mesma, según o seguinte:

A tarifa a aplicar será a de 0,43 euros por cada 1000 quilogramos, según a base de pesaxe que figure no escrito de autorización que expida para tal finalidade a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia.

Si esta base viñera expresada en metros cúbicos, aplicarase a densidade da madeira de que se trate ós efectos de realiza-lo cómputo en peso, según os valores seguintes:

Madeira	Peso específico aparente (kg/ m3)
Madeiras resinosas:	
Pino, pinabete, abeto,etc	600
Pino tea, pino melis	800
Madeiras frondosas:	
Castiñeira, Carballo, Nogueira	800
Outras madeiras:	
Eucalipto	950

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio 2011 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 12 REGULADORA DA TAXAS POLO OUTORGAMENTO DAS LICENCIAS URBANISTICAS ESIXIDAS POLA LEXISLACION DO SOLO E O ORDENAMENTO URBAN.

De conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do RDL2/2004, de 5 de marzo e nos artigos 20 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Fene fai uso das facultades que a lei lle confire para a modificación da ordenanza fiscal nº 12 reguladora da taxa pola outorgamento das licencias urbanísticas esixidas pola lexislación do solo e o ordenamento urbán, modificándose os artigos seguintes nos termos redactados quedando derogada, polo tanto, a redacción anterior. Polo que respecta ó resto dos capítulos da ordenanza fiscal, a súa redacción manteríase nos mesmos termos.

ARTIGO 7º.-

En todos aqueles supostos nos que a base imponible se determine en función do custo efectivo ou real da obra, construción ou instalación, o tipo de gravame será o 0.41 por 100.

Nas licencias de obras suxetas ó Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, sobre o orzamento da construcion, instalación ou obra civil, o 0.41 por 100.

En todo caso, os dereitos por outorgamento das preceptivas licencias para calquera clase de obras ou instalacións, non poderán ser inferiores a 12,55 euros

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio 2011 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 13 REGULADORA DA TAXAS POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDAN OU DE QUE ENTENDAN A ADMINISTRACION OU AUTORIDADES MUNICIPAIS A INSTANCIA DE PARTE

De conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do RDL2/2004, de 5 de marzo e nos artigos 20 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Fene fai uso das facultades que a lei lle confire para a modificación da ordenanza fiscal nº 13 reguladora da taxa polos documentos que expidan ou de que entendan a Administración ou autoridades municipais a instancia de parte modificándose os artigos seguintes nos termos redactados quedando derogada, polo tanto, a redacción anterior. Polo que respecta ó resto dos capítulos da ordenanza fiscal, a súa redacción manteríase nos mesmos termos.

ARTIGO 5º.-

- 1.- Constituirá a base da presente taxa, a natureza dos expedientes a tramitar e dos documentos a expedir.
- 2.- A cuota tributaria se determinará por unha cantidade fixa sinalada, según a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coas tarifas que se relacionan a continuación:

2.1.- T A R I F A

I.- Documentos expedidos ou extendidos polas oficinas municipais	Euros
Por cada contrato administrativo que se suscriba de obras, bens ou servicios	120,25
Por cada cambio de titularidade de licencia de apertura de establecementos	83,4
Documentación do arquivo, por cada folio	1,79
Expedición de copias de atestados realizados pola Policía Local	22,95
II.- Documentos expedidos pola Secretaria Xeral ou Intervención	
Bastanteo de poderes	36,4
Certificacións urbanísticas: antigüdade do inmovible, etc. por unidade	25,35
Xustificante acreditativo do pago de Impostos e Taxas	4,35
III.- Documentos relativos a servicios urbanísticos	
Cédulas de calificación urbanístic	15,1
Solicitudes varias: Parcelacións, segregacións, información urbanística, etc. por cada unha	10
Por expedición de copias de planos do termo municipal, existentes nas oficinas (a partir de 10 copias, mínimo 2.30 euros)	0,25
Follas según tamaños	
*Follas de tamaño DIN A4 (a partir de 10 copias, mínimo 0.55 euros)	0,06
*Follas de tamaño DIN A3 (a partir de 10 copias, mínimo 0.80 euros)	0,08
Por expedición de copias ou impresión de documentos na biblioteca municipal e na aula informática	
Fotocopias de follas Tamaño DIN A4	0,05
Fotocopias de Tamaño DIN A 3	0,08
Impresión de Boletins e documentos oficiais e apuntamentos (este prezo cada folia a partir da quinta, mínimo 1.65 euros).	0,36

Impresión de currículos (este prezo cada folla a partir da décima, mínimo 3.30 euros)	0,36
documentos en soportes informaticos (cd, dvd, disket,etc)	2,14
IV.- Documentos que a súa realización implican desprazamento fora do termo municipal	
Follas según tamaños	
* Follas de Tamaño DIN A2: 1ª copia: 3.52 euros Seguintes: 3.52 euros mais 0.66 € por nº de copias	
* Follas de Tamaño DIN A1: 1ª copia: 4,15 euros Seguintes: 4.15 euros mais 1.33 € por nº de copias	
* Follas de Tamaño DIN A0: 1ª copia: 4.85 euros Seguintes: 4.85 euros mais 2,03 € por nº de copias	

(*)

2.2.- A cuota da tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia do documento ou expediente de que se trate, dende o seu inicio ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ó interesado do acordo económico.

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio 2011 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 14 REGULADORA DA TAXAS POLO OUTORGAMENTO DAS LICENCIAS OU AUTORIZACIONES ADMINISTRATIVAS DE AUTOTAXIS E DEMAIS VEHICULOS DE ALUGUER

De conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do RDL2/2004, de 5 de marzo e nos artigos 20 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Fene fai uso das facultades que a lei lle confire para a modificación da ordenanza fiscal nº 14 reguladora da taxa polo outorgamento das licencias ou autorizacións administrativas de autotaxis e demais vehículos de aluguer modificándose os artigos seguintes nos termos redactados quedando derogada, polo tanto, a redacción anterior. Polo que respecta ó resto dos capítulos da ordenanza fiscal, a súa redacción manteríase nos mesmos termos.

ARTIGO 6º.-

- 1.- A base imponible está constituída pola natureza do servizo ou actividade.
- 2.- A cuota tributaria consistirá na cantidade resultante de fixar unha tarifa e calcularase dacordo cos conceptos e importes establecidos nos correspondentes apartados da mesma, segundo a seguinte:

T A R I F A

CONCEPTO	EUROS
A) Concesión, expedición e rexistro de licencias. Por cada licen- cia	262,1
B) Sustitución de vehiculos. Por cada licencia	53,6

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio 2011 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 15 REGULADORA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO DAS LICENZAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS

De conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do RDL2/2004, de 5 de marzo e nos artigos 20 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Fene fai uso das facultades que a lei lle confire para a modificación da ordenanza fiscal nº 15 reguladora da taxa polo outorgamento das licenzas de apertura de establecementos modificándose os artigos seguintes nos termos redactados quedando derogada, polo tanto, a redacción anterior. Polo que respecta ó resto dos capítulos da ordenanza fiscal, a súa redacción manteríase nos mesmos termos.

ARTIGO 7º.-

As cuotas tributarias se determinarán dacordo coa seguinte:

1.- Tarifa Primeira:

Para establecementos ou locais non suxetos ó Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, o tipo de gravame será o resultado de aplicar á tarifa anual que lle corresponda á actividade no Imposto sobre Actividades Económicas os seguintes coeficientes correctores:

<i>Rúas</i>	<i>Coefficiente corrector da tarifa xeral</i>
Categoría A	2,82
Categoría B	2,35
Categoría C	2,13
Categoría D	1,93

A correspondencia das anteriores categorías coa zonificación que figura no Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral é a seguinte:

Categoría A: Correspondese coa zona industrial (numero 8)

Categoría B: Correspondese coas zonas 1 ,2, 3

Categoría C: Correspondese coas zonas 4, 5, 6

Categoría D : Correspondese coas zona rural (numero 7)

2.- Tarifa Segunda.-

As Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas reguladas según o artigo 2º do Regulamento do mesmo nome, aprobado por Decreto 2414/61, de 30 de novembro, pagarán o **triplo** da cota anual que lle correspondera pola aplicación do Imposto de Actividades Económicas según a catalogación.

3.- Tarifas Especiais:

a) Cando se solicite a apertura dun local que teña instaladas máquinas electrónicas, eléctricas ou mecánicas de xogo, ademáis da aplicación das tarifas contidas no primeiro e segundo párrafo do artigo 7º desta ordenanza, según o caso, abonaranse por unidade de máquina instalada:

	EUROS
--	-------

Aparatos mecánicos sen propósito de lucro	51,55
Máquinas electrónicas ou eléctricas sen propósito de lucro	94,7
Máquinas con propósito de lucro	237,1

b) Tarifa Especial correspondente ós establecementos que a continuación se indican: Pagarán o importe resultante de aplicar á tarifa anual que corresponda á actividade no Imposto sobre Actividades Económicas, os coeficientes correctores seguintes, según a agrupación no devandito imposto:

Agrupación en tarifas do I.A.E.	Coeficiente corrector da tarifa xeral
AGRUPACIÓN 65 : Comercio ó por menor de productos industrias non alimenticios, realizados en establecementos permanentes. GRUPO 655: Comercio al por menor de combustibles, carburantes e lubricantes (gasolinera).	6,55
AGRUPACION 66: Comercio mixto ou integrado. GRUPO 661: Comercio mixto ou integrado en Grandes superficies	5,45
AGRUPACIÓN 67: Servicio de alimentación. GRUPO 671: Servicios en restaurantes	4,35
AGRUPACIÓN 68: Servicio de hospedaxe. GRUPO 681: Servicio de hospedaxe en hotéis e motéis	4,35
AGRUPACIÓN 69: Reparacións. GRUPO 691: Amaño de vehículos automóviles e outros artigos e bens de consumo	4,35
AGRUPACIÓN 81: Institucións financeiras. GRUPO 811: Banca GRUPO 812: Caixas de aforro GRUPO 819: Outras Institucións Financeiras	3,25
AGRUPACION 96: Servicios recreativos e culturais. GRUPO 965: Expectáculos (excepto cine e deportes). GRUPO 969: Outros servicios recreativos. (salas de baile e discotecas).	5,45

A liquidación según as tarifas especiais non poderá ser inferior á resultante da aplicación, para a actividade de que se trate, do procedemento previsto no artigo 7, apartados 1 e 2 desta ordenanza.

c) Tarifa especial polo feito de apertura ou funcionamento de tres ou mais máquinas electrónicas, eléctricas ou mecánicas de xogo, no mesmo local e ésta constitúa a súa actividade principal:

En calquera categoría 1718,45 euros

Se por calquera circunstancia o establecemento estivera exento do Imposto sobre Actividades Económicas a cota mínima a aplicar, en tódolos casos establécese en 203,25 euros

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio 2011 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 16 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DOS SERVICIOS NO CEMITERIO MUNICIPAL

De conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do RDL2/2004, de 5 de marzo e nos artigos 20 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Fene fai uso das facultades que a lei lle confire para a modificación da ordenanza fiscal nº 16 reguladora da taxa pola prestación dos servizos no cemiterio municipal, modificándose os artigos seguintes nos termos redactados quedando derogada, polo tanto, a redacción anterior. Polo que respecta ó resto dos capítulos da ordenanza fiscal, a súa redacción manteríase nos mesmos termos.

Artigo 7º.

A cota tributaria determinarase por aplicación da seguinte tarifa:

Servizo	Concepto	Cota (€)
Inhumacións ou exhumacións	Licenza	105,3
Concesión de nichos	Tarifa de referencia	654,05
	Nicho intermedio (110%)	682,05
	Nicho superior (100%)	654,05
	Nicho inferior (90%)	621,6
Transmisión da titularidade	Mortis causa (5% da tarifa de referencia da concesión)	35,05
	Inter vivos (20% da tarifa de referencia da concesión)	140,4
Conservación e vixilancia	Por cada nicho	13,1
	Colocación de lápidas e ornamentos	13,6
Utilización do fogar funerario	Por día	168
Transporte ao cemiterio	Viaxe de ida e volta	2,25

As permutas terán a consideración, ós efectos de esta Ordenanza, de dúas transmisións inter vivos. (*)

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio 2011 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 18, REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DOS MESMOS.

De conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do RDL2/2004, de 5 de marzo en relación co artigo 59 do mesmo texto legal, o Concello de Fene fai uso das facultades que a lei lle confire para a modificación da ordenanza fiscal nº 18 reguladora da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos, modificándose os artigos seguintes nos termos redactados quedando derogada, polo tanto, a redacción anterior. Polo

que respecta ó resto dos capítulos da ordenanza fiscal, a súa redacción manteríase nos mesmos termos. :

Cota tributaria

Artigo 6º.

A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles ou locais, a tal efecto se aplicará a seguinte tarifa xeral en concepto de cota anual:

Tarifas Vivendas			
Tipo de servizos			Importe
Zoa 1 - (1 ou 2 días de recollida de lixo ordinario por semana)			75,50 €
Zoa 2- (3 ou máis días de recollida de lixo ordinario por semana)			88,45 €
Tarifas establecementos comerciais			
Tipo establecemento	Importe	Tipo establecemento	Importe
Asociacións e Sociedades sen ánimo de lucro	75,50 €	Pequenos talleres e talleres mecánicos	186,20 €
Academias	134,00 €	Perruquerías	186,20 €
Auto-escolas	134,00 €	Refugallos	186,20 €
Outras actividades sanitarias(Fisioterapia, consultorio de a.t.s., consultorio médico, óptico, podólogo, terapias alternativas...).	134,00 €	Tintorerías	186,20 €
Concesionarios vehículos	134,00 €	Xestorías ..	186,20 €
Despachos profesionais	134,00 €	Zapaterías	186,20 €
Librerías pequenas	134,00 €	Almacéns pintura	259,40 €
		Cafeterías espec, discotecas	259,40 €
		...	
Quioscos, mercerías	134,00 €	Clínicas médicas, Dentistas,Odontólogos	259,40 €
Reloxerías e xoierías	134,00 €	Colexios	259,40 €
Xastrerías	134,00 €	Cristalerías	259,40 €
		Fábrica aluminios	259,40 €
Tendas glosinas	134,00 €	Farmacias	259,40 €
Video	134,00 €	Grandes talleres	259,40 €
Vídeo e fotografía	134,00 €	Hostais	259,40 €
			259,40 €
Ximnasios		Hostais con restaurante	
Almacéns	186,20 €	Imprentas e Seregrafías	259,40 €
Almacéns ó por miúdo	186,20 €	Industrias	259,40 €
Autoaccesorios	186,20 €	Librerías grandes	259,40 €
Bancos	186,20 €	Librerías só venda libros	259,40 €
Barberías	186,20 €	Panaderías	259,40 €
Café-bar	186,20 €	Supermercados medianos	259,40 €
Carnicerías	186,20 €	Tapicerías	259,40 €
Floristerías	186,20 €	Ferreterías	301,00 €
Garaxes colectivos	186,20 €	Grandes almacéns	301,00 €
Garderías	186,20 €	Moblerías	301,00 €

Herboristerías	186,20 €	Restaurantes, discotecas	301,00 €
Librerías medianas	186,20 €	Gasolineiras	343,55 €
		Hoteis	343,55 €
Manipulación chatarra e venda ó por maior	186,20 €	Salas de Festa	417,55 €
Mesóns e tabernas	186,20 €	Supermercados grandes	531,65 €
Pastelerías/confeiterías	186,20 €	Hipermercados	647,35 €
Pastelerías/confeiterías (forno)	186,20 €		
Peixerías	186,20 €		
Pensións	186,20 €		
Pequenas ferreterías	186,20 €		
Dentistas, Odontólogos	186,20 €		

No caso das vivendas, a tarifa aplicarase ó enderezo que figura no recibo emitido en base ós datos da Planimetría do Roteiro Municipal vixente.

As empresas e negocios que posúan varios establecementos aboarán unha cota corresponde á suma das taxas correspondentes a cada establecemento individual.

Os locais que sexan utilizados indistintamente como vivenda e negocio aboarán a cota correspondente á actividade económica principal que desenvolvan.

No caso de exercer un mesmo suxeito pasivo, nun mesmo local, máis dunha actividade, lle será aplicada a maior das tarifas correspondentes a ditas actividades.

6.2 As tarifas establecidas no artigo 6 poderán graduarse ao abeiro do establecido no artigo 24.4 do Texto Refundido da LEi Reguladora das Facendas Locais, en función da capacidade económica do suxeito pasivo en atención as seguintes condicións:

6.2.1.- Son considerados destinatarios/as todas aquelas persoas empadronadas e con residencia efectiva no concello de Fene cuxos recursos económicos resulten insuficientes para facer fronte ó custo establecido pola taxa.

6.2.2.- Poderán ser beneficiarios/as destas bonificacións quen reúna todos e cada un dos seguintes requisitos.

a) Estar empadronado/a no concello de Fene e ter residencia efectiva.

b) Dispoñer dos recursos económicos máximos contidos no baremo establecido no presente artigo aceditados mediante a presentación da última declaración da renda, ou calesqueira outro documento que sinale a situación económica do solicitante.

c) Non ter débedas co concello.

6.2.3.- Determinación dos recursos.

Para a determinación dos recursos terase en conta as seguintes condicións:

a) Ingresos familiares:

-Para 1 persoa sóa: pensión mínima de xubilación da seguridade social, para maiores de 65 anos e sen cónxuxe a cargo.

-Para 2 persoas en unidade de convivencia: a pensión mínima de xubilación da seguridade social, para maiores de 65 con cónxuxe a cargo.

- Para 3 ou máis persoas en unidade de convivencia: non superar o 110 % do Salario Mínimo Interprofesional estipulado para cada ano.

Para a comprobación dos requisitos económicos, teranse en conta os seguintes factores:

-Os ingresos netos que perciba o/a solicitante e os demais membros da unidade familiar nos 6 meses anteriores á solicitude.

-Para o cálculo do conxunto dos ingresos familiares realizarase a seguinte operación:

- Ingresos netos anuais (-) gastos de aluguer de vivenda/amortización anuais = *ingresos familiares netos anuais*.

- Para o cálculo dos ingresos anuais teranse en conta os seguintes aspectos:

-Para os pensionistas, a pensión que cobrarán no ano en curso.

-Para os desempregados/as e as persoas que aleguen outras circunstancias, deberán xustificar os ingresos obtidos por todos os conceptos, nos últimos 6 meses anteriores á data de solicitude.

b) Ingresos procedentes de rendas de capital inmobiliario e/ou mobiliario:

Non poderán beneficiarse desta exención cando a/o solicitante ou calquera outro membro da unidade familiar sexan propietarios/as e/ou usufructuarios/as de bens mobles ou inmobles que, polas súas características, valoración, posibilidade de venda ou calquera forma de explotación indiquen, de xeito notorio, a existencia de medios materiais suficientes para atender o gasto obxecto da presente exención municipal, *agás a propiedade referente á vivenda destiñada a uso propio, sempre que a súa valoración catastral non supere 10 anualidades do salario mínimo interprofesional vixente para cada ano.*

No referente á existencia de capital mobiliario, entenderanse medios económicos suficientes aos efectos da presente ordenanza os que superen os 2.500 euros en contas de aforro ou investimento.

Posesión de vehículo:

Non poderán ser propietarios dun vehículo no domicilio familiar de uso particular ou comercial, independentemente da titularidade do mesmo.

6.2.4- Documentación a aportar.

a) Solicitude debidamente cumplimentada segundo modelo oficial.

b) Fotocopia do DNI dos membros da unidade familiar maiores de 18 anos e fotocopia das páxinas do libro de familia, no seu caso.

c) Certificado de empadronamento.

d) Xustificante dos ingresos anuais da unidade familiar: fotocopia compulada da declaración da renda do último exercicio, ou certificado de rentas no caso de non ter que presentar declaración da renda, ou calqueira outro documento que sinala a situación económica do solicitante dos 6 meses anteriores á data de solicitude (certificado de vida laboral da Seguridade Social, contratos de traballo, recibos actualizados das pensións, nóminas, ou calesqueira outro documento que acredite a situación económica de tódolos membros da unidade familiar maiores de 18 anos).

e) Xustificantes da vivenda: contrato de aluguer con aportación dos últimos 6 recibos, documentos de amortización do préstamo hipotecario sobre a vivenda, etc.

f) Certificación bancaria de xuros e retencións con indicación do saldo bancario a 31/12 do ano anterior á solicitude.

g) Certificación de conta bancaria.

h) Calesqueira outra documentación que poida resultar necesaria para a resolución do expediente.

6.2.5.- Prazo

O prazo para a presentación das solicitudes comprenderá todo o exercicio.

6.2.6.-Procedemento para a resolución.

Presentada a solicitude, por parte do concello comprobarase a documentación obrante en cada solicitude e nun prazo máximo de dous meses resolverase a petición dándose traslado ós solicitantes.

Para a instrucción do expediente, realizarase a comprobación dos seguintes datos:

- ☐ Comprobación da non existencia de débedas co concello.
- ☐ Comprobación da existencia doutros bens (IBI urbana e IVTM).

No suposto de que se comprobara que non son certos os datos consignados na declaración ou se houberan ocultado outros que pudieran calificarse como esenciais, procederase a desestimar a solicitude,

Analizada a documentación presentada e unha vez emitidos os informes técnicos correspondentes, a Alcaldía dictará resolución ó respecto, na que se concretará os beneficios concedidos para o exercicio.

Disposición final.

A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio de 2011, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL Nº 21 REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICION DE LICENCIA DE PRIMEIRA UTILIZACION OU OCUPACION DE EDIFICIOS

De conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do RDL2/2004, de 5 de marzo e nos artigos 20 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Fene fai uso das facultades que a lei lle confire para a modificación da ordenanza fiscal nº 21 reguladora da taxa pola expedición de licenza de primeira utilización ou ocupación de edificios, modificándose os artigos seguintes nos termos redactados quedando derogada, polo tanto, a redacción anterior. Polo que respecta ó resto dos capítulos da ordenanza fiscal, a súa redacción manteríase nos mesmos termos.

ARTIGO 12º.-

1.- Tomarase como base de gravame da presente taxa o custo real e efectivo da construción, calculado da forma establecida no artigo 6º.1.b) da Ordenanza Fiscal nº 24, reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

2.- O tipo de gravame a aplicar será o seguinte:

Concepto	Euros
Por cada edificio e ata 6.010,12 euros de orzamento do mesmo	63,25
Por cada tramo de incremento de 6.010,12 euros sobre o orzamento	18,5

3.-Naqueles edificios que, encontrándose en trámite de obtención da licenza de primeira ocupación, presentaran orzamentos realizados en anualidades anteriores ás da solicitude, procederá a súa actualización mediante a aplicación dos correspondentes índices de prezos ó consumo correctores.

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio 2011 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 22 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO POR MESAS E CADEIRAS CON FINALIDADE LUCRATIVA.

De conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do RDL2/2004, de 5 de marzo e nos artigos 20 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Fene fai uso das facultades que a lei lle confire para a modificación da ordenanza fiscal nº 22 reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa, modificándose os artigos seguintes nos termos redactados quedando derogada, polo tanto, a redacción anterior. Polo que respecta ó resto dos capítulos da ordenanza fiscal, a súa redacción manteríase nos mesmos termos.

Artigo 5º.

A cota tributaria consistirá na cantidade resultante de aplicar a tarifa recollida no seguinte cadro, de acordo cos conceptos e importes nel establecidos e atendendo á zonificación do viario municipal que se relaciona no Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral municipal.

Localización da vía	Unidade de débeda	Cota Trimestral (€)
Zonas 1, 2 e 3	mesa	35,05
Zonas 4, 5 e 6	mesa	21,75
Zonas 7 e 8	mesa	17,5

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio 2011 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 28 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACION DE EDIFICIOS E INSTALACIONES MUNICIPAIS

De conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do RDL2/2004, de 5 de marzo e nos artigos 20 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Fene fai uso das facultades que a lei lle confire para a modificación da ordenanza fiscal nº 28 reguladora da taxa pola utilización de edificios e instalacións municipais modificándose os artigos seguintes nos termos redactados quedando derogada, polo tanto, a redacción anterior. Polo que respecta ó resto dos capítulos da ordenanza fiscal, a súa redacción manteríase nos mesmos termos.

Artigo 5.- Cota tributaria.

5.1.-A cota tributaria a esixir resultará da aplicación das seguintes tarifas:

- Utilización da aula de formación con maquinaria: 20,40 €/hora
- Utilización aulas de formación para impartición de clases teóricas, sen maquinaria: 10,20 €/hora

5.2.-As cotas anteriores serán obxecto de modificación mediante a aplicación de coeficientes de incremento de carácter acumulativo en función do tipo de natureza da utilización e das diversas circunstancias concurrentes. Os coeficientes de aplicación ás tarifas especificadas nos apartados anteriores e cos que se practicará a liquidación da cota a satisfacer son os seguintes:

a) Se a utilización da instalación ten lugar en hora nocturna ou con luces, aplicarase un coeficiente de 0,15.

- b) Se a utilización se realiza en domingo ou festivo, aplicarase un coeficiente de 0,15.
- c) Se a utilización require que a limpeza se realice polo Concello, aplicarase un coeficiente de 0,15.
- c) Calqueira outra circunstancia concurrente que deba ser tida en conta, e previo informe técnico de valoración económica, aplicarase un coeficiente de 0,20.

5.3.-Ademais do pago das taxas anteriores, correrán a cargo do suxeito pasivo os gastos de limpeza, vixiancia e calesqueira outros que se produzan, así como o deterioro e os desperfectos que se poideran producir.

5.4.-O suxeito pasivo estará obrigado a prestar fianza do 20% do importe total da cota a satisfacer cun importe mínimo de 60 euros.

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio 2011 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL NÚM 30, REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS ADOSADOS AOS EDIFICIOS E CON ACCESO DIRECTO DENDE A VÍA PÚBLICA

De conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do RDL2/2004, de 5 de marzo e nos artigos 20 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Fene fai uso das facultades que a lei lle confire para a modificación da ordenanza fiscal nº 30 reguladora da taxa polo aproveitamento especiais da vía pública con caixeiros automáticos adosados aos edificios e con acceso directo dende a vía pública modificándose os artigos seguintes nos termos redactados quedando derogada, polo tanto, a redacción anterior. Polo que respecta ó resto dos capítulos da ordenanza fiscal, a súa redacción manteríase nos mesmos termos.

ARTIGO 4º.TARIFAS.

1.- A contía das taxas reguladas nesta ordenanza será: Por unidade de caixeiro automático ou máquina expendedora ao ano: 259,00 €.

2.- Non se recoñece exención, bonificación nin beneficio tributario algún, agás os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais ou veñan previstos nas normas con rango de Lei.

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio 2011 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro de Facenda, Manuel Ángel Rodríguez Carballeira quen, unha vez concedido di que esta proposta ven ao Pleno logo de ser ditaminada favorablemente en Comisión, que a súa vontade foi de que viñera antes, que en alusión á tardanza quere lembrar que no ano dous mil oito o Pleno de aprobación das ordenanzas foi o catro de decembro e naquel momento era o presidente da Comisión de Facenda o sr. Polo Gundín e que ninguén presentou ningunha obxección, e que na anterior lexislatura no ano dous mil seis foi levado ao Pleno polo grupo maioritario daquel momento o vinte un de novembro de dous mil seis, que este ano se trae antes e que, en todo caso, non quere derivar o debate, que o seu punto de vista é a proposta concreta da modificación das ordenanzas fiscais ca aplicación do IPC, unha modificación parcial por tanto, pero conxunta das ordenanzas, é dicir, queda excluída a taxa da auga e do saneamento e as taxas de axuda

no fogar, sen que se modifiquen o conxunto dos impostos. Di que é unha modificación parcial, que a súa postura é que os servizos se autofinancien e tamén son conscientes que actualmente hai unha serie de servizos que teñen déficit, en concreto o lixo que está nun vinte e oito por cento e os servizos sociais, culturais e deportivos arredor do sesenta e seis por cento, que a súa idea central é facer unha redución paulatina deste déficit pero hai que ter en conta o contexto de situación de crise actual, que logo de recoller a opinión das entidades cidadáns coma dos distintos grupos esta é a proposta posible e máis axeitada nestes momentos, polo que dende o grupo de goberno piden o voto favorable para esta proposta de modificación.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido di que hai verdades que son perigosas, que neste mandato houbo dous presidentes de Comisión e tres concelleiros da Área de Facenda e iso é un reflexo claro de como vai este goberno, que o ritmo de traballo non pode ser o máis desexable para ningún Concello, que quere recordar que o trinta de outubro de dous mil sete se aprobaron as ordenanzas fiscais en xeral e foron publicadas dentro do ano, sendo el presidente desa Comisión, co voto a favor do PSOE, BNG, EU e a abstención do PP, que no ano dous mil oito se conxelaron as ordenanzas, que non se aprobaron e o único que se incluíu no Pleno de decembro, xa que tecnicamente non deu tempo a facelo antes, foi a aprobación da ordenanza fiscal, a proposta do BNG, do espazo radioeléctrico, que era un feito impositivo novo, que se conxelaron o resto das taxas ou que supuxo uns sesenta ou setenta mil euros para o Concello, que viñan a ser o que cobraría o Concello en impostos por esta nova ordenanza, que este novo feito impositivo lles permitiron conxelar as taxas e manter o nivel de ingresos, que no ano dous mil nove se repetiu o tema da conxelación das taxas, taxas que se aprobaron co actual presidente da Comisión o vinte e seis de outubro cunha modificación do IBI da autoestrada e que tamén se aprobou incluír determinado tipo de vehículos no padrón do imposto, que todos os grupos políticos estiveron de acordo, que cando as cousas se fixeron en prazo e razoablemente ben neste Concello non houbo ningunha oposición, que puido haber discrepancias pero non votos en contra, que no ano dous mil seis se aprobaron o vinte seis de novembro as ordenanzas fiscais co voto favorable do Partido Socialista e naquel momento o seu voceiro, o actual alcalde, manifestaba a súa preocupación porque non se subía a taxa da auga, porque non se conxelaba, que estaba pendente dalgún estudo, que tres ou catro anos despois a auga segue igual de conxelada, con dous agravantes, un, o canon que vai vir directo pola depuradora de Ares, que cando entre en funcionamento vai haber que pagar o metro cúbico duramente e inflúe directamente na ordenanza fiscal de auga e saneamento, dous, que se acaba de acordar unha subida da auga co Concello de Ferrol, e tres, que hai un concesionario, que no que máis axiña ou máis tarde haberá que facer unha revisión do equilibrio concesional, que ademais, curiosamente, é o criterio que ten o PP en moitos Concellos desta comarca para subir esta taxa, coma Pontedeume, o que é razoable, ou no Concello de Valdoviño, no que o BNG está totalmente en contra pola suba, xa que a maioría dos usuarios non están enganchados. Di que en política fiscal pódense ver aptitudes máis ou menos demagóxicas ou máis ou menos prudentes segundo se estea no goberno ou na oposición, e que o seu grupo, coma grupo de goberno durante moitos anos neste Concello, actuaron sempre cunha política fiscal rigorosa e seria, que sería máis ou menos acertada e que permitiu que o Concello de Fene tivese ingresos no capítulo I e III, xa que os capítulo II son as licenzas de obras e non dependen do Concello e si da iniciativa da construción, que permitiron pagar aos funcionarios e a luz e non estar coma outros Concellos por aí dando quebra, que esa é a herdanza que vostedes teñen, de cinco con cinco ou seis millóns de euros que pagan os veciños e veciñas de Fene a través dos impostos son os que permiten manter o funcionamento do Concello, ter un equilibrio e un rigor coas contas.

Prosegue a dicir o concelleiro Manuel Polo Gundín que eles nesa mesma liña foron os que lle pediron ao goberno local, o dezaioito de outubro, que fixeran un estudo, que llo pediron o ano pasado cando se aprobaron as taxas e llo piden este ano, un estudo de todas as ordenanzas fiscais para ver cal era o desequilibrio que existía en cada unha delas, para facer un cadro comparativo dos impostos co contorno e ver a proxección en cada un dos servizos, xa que nun contexto de crise, entendían que non se debía facer unha subida indiscriminada dos impostos se non que había que facer unha selección, e iso é o que votan en falla nestas ordenanzas fiscais, que se vai votar a suba do IPC cando se podía ter feito un tratamento moito máis intelixente, e dicir, que hai taxas de servizos non obrigatorios que igual se podían subir máis, que o que habería que facer é regular mellor eliminando anacronismos que figuran hoxe en día nas ordenanzas fiscais e pon un exemplo, ter un vehículo implica que esa persoa non poida ter dereito a determinados tipos de exencións, cousa que hoxe en día, coa xente que hai en desemprego ou coas hipotecas non é razoable que se manteñan nas ordenanzas fiscais, que ter un vehículo limita á exención de taxas, que eles teñen claro que as taxas e impostos son un elemento esencial para os ingresos do Concello e que non se pode facer unha análise cativa destas, pero que dende o goberno hai que ter a responsabilidade de facer estudos comparativos e valorar os servizos, para dicir en que se mellora e en que vai redundar as subas, que se estas van ser progresivas no tempo coma vai ser a da auga, que será a oito ou dez anos, se non se quere facer o pagamento con cartos doutros fondos, coma por exemplo fixo o PP en Cabanas, que decidiu conxelar taxas do ano dous mil sete que foron compensadas con corenta mil euros do POS, e dicir, cartos das obras para gasto corrente coma foi a recollida de lixo, cousa que eles non comparten. Di que comparten a idea fundamental de que os servizos teñen que ter un equilibrio financeiro e que sobre todo que o Concello ten que ter unha política fiscal que permita que a xente con menos recursos poida ter exencións totais ou parciais. Por outro lado, di o concelleiro, as taxas deben ter opcións de fraccións dos pagamentos, que se revisasen aquelas taxas de carácter fixo para darlles moita máis progresividade no fraccionamento dos pagamentos, xa que seguro que hai moita xente que quere pagar e que en momentos puntuais pode ter dificultades, que xa fixo referencia ao que fai o PP e o PSOE, que en Ferrol se conxelou o IBI, a proposta do PSOE e apoiado polo PP, rexeitando esta progresividade, tal e coma reclamaba o BNG, que en Narón conxelaron a proposta do PSOE e o PP votou en contra, quere dicir que no Concello do lado se fai algo antagónico, que o goberno do PP sube as taxas e noutros Concellos as conxela e gasta en gasto corrente para o financiamento da recollida do lixo, coma no exemplo de Cabanas, que eles ven que en política fiscal se lles vai a forza pola boca, que o PP da Xunta de Galicia lles vai aplicar un novo canon no servizo da auga, incluso a aqueles que non teñen un servizo público se non que é privado, pero que o PSOE sube tamén o IBI a todo o mundo ou o canon dixital, que a propia SGAE cobra un imposto cunha sentenza en contra e que xa se verá coma o alcalde de Fene, socialista, lle reclama unha devolución destes canons a estes dous organismos, tanto ao Ministerio de Facenda polo canon dixital coma a propia SGAE por aquilo no que hai unha dúbida razoable nos seus cobros, e que con isto quere dicir que en impostos progresivos e en medidas xustas van ter ao BNG do seu lado, calquera que governe neste Concello, que con aforro e sustentabilidade é posible manter unha certa coherencia impositiva e fiscal, que eles a tiveron durante moitos anos e que agardan que o futuro lles depare algo mellor, que valoran negativamente a improvisación coas que se trataron estas ordenanzas fiscais, que non sube, nin se toca, nin se fai nada na taxa de axuda no fogar, cando non se está a cumprir a Lei de dependencia, que se manteñen dende hai dous anos dúas ordenanzas paralelas, cando unha delas xa tiña que estar desaparecida, que o goberno local non se atreve a tocar a ordenanza da auga e que iso quere dicir que os impostos do Estado e da Xunta baixan e que con esta medida van ver si se ingresan sesenta ou setenta mil euros máis dos veciños e veciñas sen ningunha medida que poida ser reguladora deste momento de crise, só cun criterio estatístico que non vale para estes momentos, nos que os textos teñen numerosas deficiencias, con cuestións que se poden mellorar e nun contexto de crise no que

se tería que mellorar a progresividade, polo que ve absurdo que este goberno propoña subir só o IPC destas ordenanzas que son claramente mellorables.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que quere recordarlle ao Partido Socialista, que é quen trae esta proposta, que antes das eleccións respecto das taxas do ano dous mil sete dicían que o PSOE non apoiaría unha elevación das taxas daquel exercicio alegando que durante os últimos tres últimos exercicios experimentaron unha suba do vinte e cinco por cento, por parte do BNG, e que agora se ven os discursos do antigo bipartito e a defensa do BNG que gobernou durante vinte e cinco anos, que respecto das taxas e logo da intervención do BNG, aínda non saben se van votar a favor, en contra ou se van a abster. Di que a postura do PP vai ser votar en contra precisamente polas mesmas razóns que daba o PSOE polas taxas do ano dous mil sete e por entender, ademais, que no contexto de crise no que se está e tendo en conta que os anteriores anos foron mellores ca este e seguramente que o que ven, se conxelaron e non pasou absolutamente nada, que neste caso coa subida do dous por cento do IVE, máis a suba do dous coma un por cento destas taxas é, loxicamente, diminuír a capacidade de pagamento tanto de pensionistas, coma de funcionarios, de pequenos comerciantes, autónomos e demais, que diminúe o nivel de soldo dos mileuristas e dos que cobran os salarios mínimos que non teñen ningún tipo de incremento, o que é unha realidade, que se sube dunha vez un catro por cento sen que se toquen os soldos, que pensa que para este ano de fin de legislatura sería unha postura moi razoable que se conxelasen as taxas, e que vota de menos que en determinado tipo de taxas non se fale nada do tema da auga, que xa quedou sen resolver por parte do BNG e que queda sen resolver polo PSOE.

Prosegue dicindo o concelleiro Gumersindo Galego Feal que tamén quere facer fincapé en que cando se lles pasou a proposta se lles falou de subir o IPC e unha subida do cinco por cento na taxa de actividades culturais e deportivas, dun incremento na taxa do lixo dun catro ou cinco por cento, que tamén lles dixo que era unha postura negociable, que o que viron foi algo significativo, coma da taxa de actividades culturais e deportivas que ten uns custes de oitocentos dezanove mil euros e uns ingresos totais de dous centos trinta e cinco mil euros, co que a cobertura total de custes é dun trinta e tres por cento e que eles pensan que esta é unha situación que non se pode manter, que non se trata de subir a taxa ou non, xa que nunca se vai a atender ao equilibrio, xa que o desfase é tal que a única posibilidade é un replanteo das actividades, xa que se está a falar de cen millóns de pesetas de déficit, que o PP non quere dicir que se recorte en cultura ou deportes, se non que se trata de racionalizar, e isto é tender a que ese desfase de cen millóns non exista, xa que aquí aínda que se suba un quince por cento esta taxa non se solucionaríase nada, di que o mesmo se pode dicir dos custes do lixo e dentro do que cabe, o tema de axuda no fogar ten unha cobertura dun oitenta por cento, o que lles parece razoable; que van votar en contra fundamentalmente polo dito e pola situación económica de crise na que se está.

Continúa dicindo Gumersindo Galego Feal, polas alusións que se fan ao PP que ao mellor o PP ten un xeito de gobernar distinto e que por iso o están facendo e o BNG cada vez menos. Di que quere recordar ao voceiro do BNG que no ano dous mil seis o BNG subiu un vinte un con noventa e sete por cento a taxa polos nichos, un corenta con noventa e un por cento pola colocación de lousas, subiu un vinte e cinco con setenta e oito o servizo de transportes, os talleres mecánicos subiron un cincuenta por cento ao que logo aduciron un erro informático, se incrementou trinta e dous euros á instalación de seis mesas nas terrazas que foron trescentos setenta euros semestrais, se subiu o ICIO un doce por cento, que esas subidas convén recordar que tamén as apoiou o PSOE xa que daquela se aprobaron os orzamentos coa abstención do PSOE, que as cousas hainas que meditar e que si o PP nos Concellos veciños fai cousas o BNG tamén as fai, que non se pode dar leccións de fiscalidade ou de política fiscal rigorosa e seria, que como moito se fixo política fiscal sen adxectivar, que non se

quere ir máis atrás no tempo e lembrar as protestas cando se fixo a suba da contribución, que o fixo o BNG, e conclúe dicindo que non se poden facer demagoxias baratas, que o PP podería asumir facilmente unha suba do dous coma un das taxas, só que este ano creen que non é conveniente, que o mesmo que se conxelaron o ano pasado poderían facelo este, e cousas coma as ditas polo voceiro do BNG que grazas a creación da taxa do espazo radioeléctrico e dos caixeiros automáticos é coma o chocolate do loro, que quixera saber el cal é a incidencia destas taxas sobre o montante total das taxas do Concello.

De seguido pide o uso da palabra o voceiro do Grupo Mixto municipal, Manuel Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que dende o seu grupo lles gustaría que se practicase unha política fiscal distributiva, onde, os pobres pagaran menos que os ricos, que estas medidas as hai que practicar non so nos Concellos se non que o hai que facer en todas as partes, nos Concellos, Comunidades Autónomas e no Estado, xa que hai moitos xeitos de gobernar, e hai impostos que os hai que subir pero vendo e explicando os porqués das subas, dando alternativas para que outros baixen ou se conxelen, que hai moitos xeitos de facelo coma pode ser prestar servizos mancomunados. Di que sen facer caso dos medios de comunicación, que hai moitos xeitos de subir impostos e non coincide co que se fai aquí, que é unha situación moi particular, que a suba de impostos xeral é cando se fai unha suba de todos os impostos, pero tamén hai outras formas moi sutís, usadas moito polo goberno central e autonómico, que é reducindo os servizos aportados ou baixando a calidade daqueles, que é un xeito de suba de impostos, que tamén respecto das baixadas de impostos, ademais das baixadas directas, se pode facer cunha política distributiva, aumentando os servizos prestados ou a súa calidade, que isto non se fai en ningunha parte ou polo menos en España onde a Administración o ten esquecido, que tamén se poden conxelar os impostos de varios xeitos, mantendo os prezos, os servizos e a súa calidade, xa que de nada sirve aquilo tan utilizado de que se mantén o prezo pero se baixa a calidade, que o que se ve na proposta que se trae aquí é unha solución intermedia, aquí se sube o IPC de dezasete ordenanzas e se conxela outras once, que xa se verá ao longo do ano se a situación de crise na que se está si se seguen a manter a mesma calidade nos servizos. Di que xa se falou do déficit nos servizos de cultura e deporte, que ao subir o IPC se vai manter, obviamente, que estes servizos con carácter xeral non afectan a todos os veciños, polo que se pode pensar que o veciño que non usa este servizo están subvencionando aos demais, que tamén é certo que hai unhas axudas e exencións para as rendas baixas e di que habería que facer un estudo ao respecto, respecto das taxas que se incrementan, destaca a taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos no que tamén hai un déficit grande, que afecta a todos os veciños, e que isto nunha época de crise non é igual, que isto é extensible para todos os concellos, sobre todo para Concellos pequenos coma Fene, xa que os grandes sempre poden prestar servizos a pleno rendemento e máis baratos, que no caso dos Concellos pequenos se tenderá a ir a prestación de servizos mancomunados, mentres non se produza a gran modificación que necesita a Administración, que respecto da taxa da utilización dos edificios municipais está de acordo e tamén coa taxa que sube o IPC aos caixeiros automáticos, incluso a banca cos beneficios que ten di que poderían pagar moito máis, que respecto das taxas conxeladas inciden sobre a maioría dos veciños coma pode ser a taxa da auga, pendente de revisión, a prestación de servizos no fogar que o ven xustificado, aínda que sexa deficitaria, xa que se trata dun colectivo moi afectado pola crise, que tamén están de acordo coa conxelación dos impostos. Di que se trata dunha conxelación case que total e o xustifica pola situación da crise.

A continuación intervéñen o alcalde para aclarar, respecto da intervención do voceiro do grupo municipal do BNG en relación co prezo da auga, e di que coma voceiro lle tocou negociar as taxas do ano dous mil seis e sete e que sempre intentou chegar a acordos, máis ou menos frutíferos, pero que en todo caso con unha oposición responsable, no sentido de favorecer á aprobación de orzamentos e taxas, como mínimo, para que o Concello puidera funcionar con certa normalidade, que respecto do tema da auga, no ano dous mil sete é certo que o PSOE

tiña esa preocupación na oposición e tamén agora no goberno. Di que non é certo que a auga estea hoxe igual de conxelado que estaba daquela, que as primeiras ordenanzas que aprobaron a auga subiu un sete ou oito por cento, segundo o acordo tomado cos Concellos da ría para subir progresivamente o prezo e poder, así, regularizar aquel prezo que reclamaba o Concello de Ferrol, que respecto deste tema comparten a preocupación e a necesidade de chegar a unha vía de solución para o contrato que hai asinado coa empresa Aquagest e coa suba do prezo da auga de Ferrol, prorrateada ata o dous mil catorce, que hai un recurso da propia empresa Aquagest contra a liquidación que presenta o Concello de Fene, desestimado polo propio Concello e que se segue en conversas co propio concesionario, que é certo que o problema ven derivado da prórroga de quince anos do convenio asinado no seu día e que non se asinou gobernando o Partido Socialista, que en todo caso, trátase de atopar unha solución, que se ese convenio non se segue, haberá que falar coas demais forzas políticas para atopar outra solución que desbloquee este asunto, que coinciden na necesidade de poder miralo e revisar canto antes.

Prosegue o alcalde a dicir, respecto da intervención do voceiro do partido municipal do PP, que non é que eles digan que o PP quere suprimir determinados servizos, que depende da ideoloxía de cada forza política, que eles saben que hai servizos deficitarios e que o van ser sempre, pero tamén endenten que son servizos necesarios e que o Concello debe prestar tal como é o servizo de axuda no fogar, que é básico e que seguramente dará perdas a maioría das veces, que as instalacións culturais e deportivas para eles son básicas para a calidade de vida dos cidadáns, que non pensa en pechar a piscina porque as taxas que se recaden non cubran os servizos da piscina ou suprimir actividades culturais que teñan participación ou éxito entre os veciños porque as taxas que paguen non dean para cubrir estes servizos, que eles entenden que as Administracións están para prestar servizos, algúns se custean co que pagan os cidadáns e outros o Concello ten que asumir o déficit, que é algo que se fai en moitas partes e que o PP tamén o fai, que o PP cando pode, en política impositiva, o que fai é tirar a pedra e agachar a man, coma no canon da auga, que se está a falar da suba do IPC, ao que di que nalgunhas taxas supón pouco máis dun euro ao ano, pero non se fala que detrás da auga está o canon que aproba a Xunta de Galicia que supón un incremento dun cen ou douscentos por cento a todos os veciños de Galicia, facendo que lle saia máis cara a auga a un veciño de Galicia que a un veciño de Murcia, que lle vende unha desaladora, con todo o que custa desalar a auga e tratala auga do mar para poder ser consumida, e que a Xunta de Galicia o que fai é subir o canon a través dos Concellos, para que semelle que son estes os que fan a suba xa que son os que directamente cos veciños, todo isto sen contar cos Concellos, e que estas non son políticas serias.

Respecto das taxas dos caixeiros e das telefonías móbiles, di o alcalde, que o voceiro do grupo municipal do PP non estivo moi acertado coa súa intervención ao respecto, xa que respecto da telefonía está recorrida a ordenanza por parte das tres empresas maioritarias, do mesmo xeito que o está no resto de Concellos de Galicia que decidiron apostar por esta vía, que deben ser aproximadamente uns corenta, que os datos da FEGAMP preveñen que esta ordenanza para Fene poder supor uns ingresos de sesenta ou setenta mil euros aproximadamente, que virán moi ben para incluír nos orzamentos, que respecto dos caixeiros automáticos é menor, que hai sete caixeiros aos que se lle pode aplicar a taxa e a recadación é de menos de trescentos euros por cada un, que en definitiva o que pretenden con esta proposta, tendo en conta o dito por todos que é un ano complicado, que o que se fai é non tocar a política impositiva, que se aplica o IPC, que se mellora a situación se poderá estudar fórmulas de financiamento ou de incremento de taxas que permitan equilibrar un pouco máis a balanza de ingresos e gastos do Concello, que todos os grupos saben coma está, logo da información proporcionada pola propia Concellería co estado de custes e de ingresos de cada servizo e que entenden que a proposta que presentan é razoable, que pretende manter unha

situación sen agravar máis o que é a economía dos veciños e veciñas de Fene, polo que lles solicita o maior apoio posible.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido, di que aínda que non viviu toda a vida en Fene, no seu grupo hai xente que si, que falan entre eles e que tamén o sabe, pola lectura das actas, o que pasou o ano pasado ou os anteriores, que claro que o BNG subiu os impostos, que se fixo en pleno ciclo expansivo, que grazas a isto hai uns seis millóns de euros aproximadamente, que permite pagar o capítulo I e gran parte do capítulo II, sen incluír as transferencias correntes do Estado e da Xunta de Galicia, que é outro capítulo importante para os ingresos do Concello, que cando di que o BNG facía política seria e rigorosa referíase exclusivamente a isto, que a política fiscal haina que ver no seu conxunto, na política que presta o Concello, dos recursos que se pode recadar a nivel dos impostos, que é onde hai marxe legal de manobra, xa que outros se suben ou se baixan sen contar co Concello, que durante moitos anos se fixo unha actuación bastante axustada e que as subas se fixeron de acordo con estudos económicos fundamentalmente, que cando se subiu o lixo se fixo por dúas razóns, unha, polo propio custe incrementado de SOGAMA, que non lle vota a culpa a ninguén, que SOGAMA ten unhas taxas que se foron incrementando aos Concellos e estes podían, diminuír o servizo ou repercutilo, e dúas, á propia inversión que ten feito o Concello en mellores vehículos e demais maquinaria que se ten que ir metendo no propio custe do servizo, que eles din que hai que facer estes estudos para ter unha proposta concreta e non abstracta. Prosegue a dicir que respecto das actividades de cultura e deportes coinciden en que a distancia que hai entre ingresos e gastos é grande e coinciden en que se pode mellorar facendo tres cousas fundamentais que non fixo este goberno, primeiro promovendo uns concursos axustados, de feito caducaron os que había e seguiuise en situación de prórroga cun incrementos moi axustables, segunda, mellorar a eficiencia enerxética das instalacións que teñen consumos moi altos, tanto de gas coma de luz, e terceira, que eles non pensan que os veciños en xeral lle teñan que pagar aos veciños en particular o servizo da piscina, que ten que haber un equilibrio, que nunca vai ser unha ordenanza que teña un equilibrio financeiro, coma ten a do cemiterio, que si está equilibrado os gastos e os ingresos, pero que logo dun estudo rigoroso poderíase chegar a pasar dun trinta ou trinta e cinco a un cincuenta por cento, en vez de ter un déficit de seiscentos mil euros se podería chegar a uns trescentos mil, que isto é algo que levan reclamando nestes últimos anos, coma a subida da auga, que só se subiu o primeiro ano porque viña coa suba de Ferrol e logo quedou así, que non hai un estudo rigoroso nin unha proxección para que todos os grupos políticos saiban que unha taxa en concreto hai que subila durante seis, sete ou oito anos, xa que deste xeito non é que vaia haber déficit se non que cada vez a distancia entre gastos e ingresos vai ser maior, ademais sen unha mellora evidente no servizo, cousa que ademais dá moito que falar, xa que Fene ten moitos cartos sen gastar, a melloría na rede de saneamento, que este sería un criterio a seguir, si se mellora moito o servizo podería ser un xeito de subir o imposto, que xustificaría a suba e non subir a taxa habendo roturas continuas da rede, que hai que ser obxectivo e ver o que é a política de taxas e impostos, que cando propuxeron a taxa do espazo radioeléctrico e dos caixeiros, que non a aprobou o BNG se non que o fixo o Pleno, co apoio de todos os grupos políticos, o fixeron no sentido de crear feitos impositivos que van contra cinco ou seis empresas e que ven a compensar a conxelación, sen gravar ao común da xente, que eles non apoiaron unha conxelación ou unha suba en abstracto, se non que o fixeron facendo medidas e propostas concretas, que lle gustaría que tanto PSOE coma PP fixeran propostas concretas, que respecto dos estudos concretos di que o propio informe de Intervención di que para subir o IPC non hai que facer estudo económico, pero que para subir aquelas que teñen un déficit grande o estudo non sería moi difícil de facer, xa que é evidente que hai moitos máis gastos que ingresos, que unha cousa é que non sexa obrigatoria e outra que nos, coma políticos e coma Corporación teñan que coñecer cal é a evolución das distintas taxas.

Continúa dicindo o voceiro do grupo político do BNG, respecto do tema da auga que hai un convenio, un contrato e unha obriga das partes, tanto do Concello coma do concesionario, e que o servizo está coma está por culpa da súa xestión, que a iniciativa e a acción de goberno dos derradeiros tres anos é do PSOE que é quen ostenta a Alcaldía, que por iso para eles esta proposta non é razoable, xa que é unha subida do IPC, aínda que as cantidades non son excesivas, pero non se fai nada para mellorar a progresividade fiscal, as exencións fiscais ou a redacción das taxas propiamente ditas, coma o tema das exencións dos vehículos históricos que as hai que solicitar todos os anos, e que tampouco se fai nada na ordenanza de axuda no fogar, xa que se mantén a antiga que fixo o BNG que quedou obsoleta por entrar en vigor a Lei de Dependencia. Di que non se fai nada con determinados anacronismos que seguen a ter os textos das ordenanzas, nin se menta a ordenanza fiscal da publicidade da emisora municipal que desaparece, que os servizos deben ter certo equilibrio e racionalidade e con esta proposta o único que se fai é unha escapatoria, que non se fan ordenanzas para a xente.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Galego Feal quen, unha vez concedido, dille ao sr. alcalde que hai que poñer as cousas no seu lugar e ser un pouco serios, que o PP nunca falou de suprimir o servizo de axuda no fogar, nin de pechar piscinas e demais, que centrándose nas taxas, en concreto na taxa de actividades culturais e deportivas o desfase é moi grande e sinxelamente quere poñer un exemplo para que o sr. alcalde ou a concelleira responsable tomen conta, e di que se pode comparar os servizos que presta a piscina municipal de Pontedeume cos que presta a de Fene e que se pode ver que hai outro xeito de xestionar os servizos, moito máis baratos e que a súa intervención anterior se refería a iso, non ao peche do servizo. Di que respecto das taxas da telefonía móbil e dos caixeiros é coma o chocolate do loro, que eles votaron a favor de que se aplique esa taxa, que lles parece unha taxa lóxica pero non ten nada que ver, que se trata do un por cento das taxas que se fan no Concello e que respecto dos dez millóns que ingresa o Concello en ingresos anuais ten pouca relevancia, que non quere dicir que non estea ben aplicada, que lle parece razoable e lóxico, pero que tampouco ten maior repercusión, que é certo que non se sacan a concurso determinados servizos que se deberían sacar e cos que se poderían racionalizar e optimizar os servizos e así reducir a factura, que si se reduce, coma di o voceiro do partido municipal do BNG, de seiscentos a trescentos mil sería moi bo, que non se trata de recortar servizos, que aquelas actividades onde hai participación non se poden suprimir, pero que tamén saben que hai actividades onde non a hai e habería que reformulalas. Di respecto da conxelación de once taxas, coma di o voceiro do Grupo Mixto, eles pensan que só se conxelan cinco e con determinadas matizacións nas que non van entrar, que van votar en contra, aínda que a súa postura sexa menos belixerante ca de o BNG, que aínda non saben que van votar.

De seguido pide o uso da palabra o voceiro do Grupo Mixto municipal, Manuel Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que dende IU se van abster, que o van facer dada a situación que hai, que o ano que ven hai eleccións e que algún dos tres partidos vai gobernar, que o seu grupo non ten forza dabondo para facelo, que xa se sabe a postura do actual goberno e que logo se verá o que pasa co vindeiro goberno, que hai unha gran incoherencia nos partidos segundo se governe ou non, que nos Concellos da comarca onde goberna o PSOE xustifican a subida, que o que está na oposición xustifica a baixada e que a política debía ser un pouco máis seria, que a veciñanza nesta liña non pode estar contenta coa clase política.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido di que quere explicar o sentido do voto do seu partido, di que o doce de outubro presentaron no rexistro un escrito que no seu sétimo punto dicía que o voceiro do BNG non entrará en debates abstractos de subidas, baixadas ou conxelacións sen

ningún criterio obxectivo que non atenda a unha xestión de impostos e taxas eficaz, eficiente e responsable, e como tal vanse abster.

Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria da moción do grupo municipal do BNG en relación ao apoio á folga xeral do 29 de setembro de 2010 de data 10 de setembro de 2010, obténdose o seguinte resultado:

Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 9 de novembro de 2010, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Sete (7), (dos sres/as Puentes Rivera, López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira e Rey Sampayo).

Votos en contra: Catro (4), (dos sres/as Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral e Franco Casal)

Abstencións: Seis (6), (dos sres/as Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López, Pico Sanmartín e Sánchez Martínez).

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

Primeiro: Aprobar provisionalmente as modificacións das ordenanzas fiscais seguintes:

- **Ordenanza fiscal número 1, reguladora da taxa pola apertura de gabias, calcatas en terreos de uso público, así como calquera remición do pavimento ou beirarrúas na vía pública.**
- **Ordenanza fiscal nº 2, reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas e culturais municipais, así como pola prestación de servizos socioculturais, deportivos e de lecer.**
- **Ordenanza fiscal nº 4, reguladora da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercancías de calquera clase.**
- **Ordenanza fiscal número 5, reguladora da taxa pola ocupación do subsolo, solo e espazo aéreo en superficies de uso público local.**
- **Ordenanza fiscal número 6, reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local pola ocupación de terreos de uso público local con mercancías, materiais de construción, vallas, puntais, andamios e outras instalacións análogas.**
- **Ordenanza fiscal número 9 reguladora da taxa pola retirada de vehículos da vía pública e depósito dos mesmos e inmovilización dos estacionados antiregulamentariamente sen perturbar gravemente a circulación.**
- **Ordenanza fiscal número 10, reguladora da taxa pola tala de masas arbóreas e da protección de árbores prantas no termo municipal.**
- **Ordenanza fiscal número 12, reguladora da taxa polo outorgamento das licencias urbanísticas esixidas pola lexislación do solo e o ordenamento urbán.**
- **Ordenanza fiscal número 13, reguladora da taxa polos documentos que expidan ou de que entendan a administración ou as autoridades municipais a instancia de parte.**
- **Ordenanza fiscal número 14, reguladora da taxa polo outorgamento das licenzas ou autorizacións administrativas de autotaxis e demais vehículos de aluguer.**

- Ordenanza fiscal número 15, reguladora da taxa polo outorgamento das licenzas de apertura de establecementos.
- Ordenanza fiscal número 16, reguladora da taxa pola prestación de servizos no cemiterio municipal.
- Ordenanza fiscal nº 18, reguladora da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos.
- Ordenanza fiscal número 21, reguladora da taxa pola expedición de licenza de primeira utilización ou ocupación de edificios.
- Ordenanza fiscal número 22, reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa.
- Ordenanza fiscal nº 28, reguladora da taxa pola utilización de edificios e instalacións municipais.
- Ordenanza fiscal nº 30, reguladora da taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos.

Segundo: A modificación entrará en vigor no momento da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Terceiro:- De acordo co previsto no art. 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os acordos adoptados expóñense ó público por un período de trinta días mediante anuncio inserto no boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos do concello e nun diariño dos de maior difusión dos da provincia por ser un municipio de máis de 10.000 habitantes, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen pertinentes. De non presentarse reclamación algunha contra os acordos adoptados, entenderanse definitivamente adoptados os acordos ata entón provisionais.

Cuarto: Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que unha vez transcorrido o período de exposición pública procede adoptar, así como os textos das ordenanzas fiscais modificados.

Unese como anexo o texto dos artigos modificados de cada unha das ordenanzas.

Fene, a 5 de novembro do 2010.

O ALCALDE

Asdo.- Iván Puentes Rivera

ANEXO

ORDENANZA FISCAL Nº 1 REGULADORA DA TAXA POLA APERTURA DE ZANXAS, CALICATAS EN TERREOS DE USO PUBLICO, ASI COMO CALQUERA REMOCION DE PAVIMENTO OU ACERAS NA VIA PUBLICA

De conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do RDL2/2004, de 5 de marzo e nos artigos 20 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Fene fai uso das facultades que a lei lle confire para a modificación da ordenanza fiscal nº 1 reguladora da taxa pola apertura de zaxas, calicatas en terreos de uso público, así como calquera remoción de pavimento ou aceras na vía pública, modificándose os artigos seguintes nos termos redactados quedando derogada, polo tanto, a redacción anterior. Polo que respecta ó resto dos capítulos da ordenanza fiscal, a súa redacción manteríase nos mesmos termos.

ARTÍGO 6.- TARIFAS

1.- As Tarifas da taxa serán as seguintes:

Epígrafe A): Concesión da Licencia de obra na vía pública.-

“ Cobrarase un 5.00% por 100 sobre o custo real e efectivo da obra, para levar a cabo a apertura de zanxas calicatas en terreos de uso público.

Epígrafe B): Aproveitamentos da vía pública.-

Liquidarase en función do aproveitamento por metro cadrado ou fracción da vía pública, consonte ó especificado na seguinte taboa:

Localización da vía	Unidade	Cota trimestral
Zonas 1,2 e 3	5 m/2	35,05 €
Zonas 4,5 e 6	5 m/2	21,75 €
Zonas 7 e 8	5 m/2	17,50 €

ARTIGO 7.- REINTEGROS DE GASTOS DE RECONSTRUCCIÓN E INDENNIZACIÓNS

Cuando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparelada a destrucción ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, estará obrigado :

a) ó reintegro do custe total dos respectivos gastos de reconstrucción ou reparación e ó depósito previo do seu importe, según á conta que formule a oficina técnica municipal. Si os danos foran irreparables, a entidade será indemnizada en contía igual ó valor dos bens destruídos ou a o importe do deterioro dos danados.

b) a Indemnización por depreciación ou deterioro da vía pública.

Indemnización por depreciación ou deterioro da vía pública. Tarifa

Indemnización por depreciación ou deterioro da vía pública	Tarifa (€)
1.- Por cada metro cadrado de zanja aberta en terra, aínda que a reconstrucción a efectúe o interesado...	0,15
2.- Por cada metro lineal de bordillo sobre beirarrúa...	0,68
3.- Por cada metro lineal de bordillo sobre formigón..	0,98
4.- Por cada metro cadrado de beirarrúa pavimentada, calquera que sexa o material da mesma....	1,17
5.- Por cada metro cadrado de afirmado de macadám ordinario....	0,50
6.- Por cada metro cadrado de empedrado sobre formigón...	1,17
7.- Por cada metro cadrado de empedrado sobre beirarrúa...	0,60
8.- Por cada metro cadrado de pavimento de asfalto ou loseta asfáltica sobre formigón...	1,58
9.- Por cada metro cadrado de rego asfáltico sobre macadám...	0,87
10.- Por cada metro cadrado de beirarrúa na que se teña construído somentes a capa de rodadura conservando o formigón de cemento...	0,40
11.- Por cada metro cadrado de firme de formigón...	0,7

En ningún caso efectuarase a liquidación por cantidade inferior á superficie ocupada dun metro cadrado.

O Concello non poderá condonar total ou parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire o presente apartado

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio 2011 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 2, REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E CULTURAIS MUNICIPAIS ASÍ COMO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIOCULTURAIS, DEPORTIVOS E DE LECER.

De conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do RDL2/2004, de 5 de marzo e nos artigos 20 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Fene fai uso das facultades que a lei lle confire para a modificación da ordenanza fiscal nº 2 reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas e culturais municipais así como pola prestación de servizos socioculturais, deportivos e de lecer, modificándose os artigos seguintes nos termos redactados quedando derogada, polo tanto, a redacción anterior. Polo que respecta ó resto dos capítulos da ordenanza fiscal, a súa redacción manteríase nos mesmos termos.

Artigo 5º .

1. USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS E SERVIZOS DEPORTIVOS E RECREATIVOS.

1.1. Pavillóns polideportivos municipais cubertos.

1.1.1. Tarifas.

Concepto	Categorías	Tempo	O Ramo	A Xunqueira
Adestramentos	Base	1 h	11	14,7
	Resto	1 h	17,85	24,1
Adestramento terzo de pista	Base	1 h	-	9,95
	Resto	1 h	-	16,2
Competicións sen despacho de entradas	Base	1 h	12,05	16,2
	Resto	1,5 h	29,85	39,8
Competicións con despacho de entradas	Base	1 h	36,15	48,2
	Resto	1,5 h	89,1	120,05
Espectáculos deportivos especiais e culturais ordinarios sen despacho de entradas		1,5 h	59,25	80,05
Espectáculos deportivos especiais e culturais ordinarios con despacho de entradas		1,5 h	177,75	240,1
Festivais, maratóns, actividades análogas e Espectáculos de carácter profesional		1 día	2611,95	3526,3

A utilización conxunta da sauna co pavillón da Xunqueira supoñerá un incremento da tarifa correspondente en 10 veces o prezo da sesión individual de sauna.

As entidades que utilicen os pavillóns para os seus adestramentos e partidos de competición ao longo da tempada estarán obrigados a subscribir a correspondente póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil por danos propios e a terceiros cunha cobertura mínima de 300.000 euros presentando copia da póliza e do pagamento do último recibo no momento de facer a solicitude da instalación. Quen non o fixeran para a tempada anterior teñen de prazo até o 30 de xaneiro do ano en curso para facelo.

1.2. Pistas polideportivas municipais descubertas

1.2.1 Tarifas:

Instalación ou servizo	Tarifa base	Prezo
Pistas polideportivas municipais descubertas	Uso diúrno para adestramentos ou competición, por 1 hora	27,25
	Uso nocturno para adestramentos ou competicións, por 1 hora	54,5
	Maratóns, prácticas deportivas análogas e espectáculos profesionais con ánimo de lucro promovidas por particulares ou entidades sen carácter social, por día	653,2

As entidades que organicen maratóns ou espectáculos profesionais en calquera instalación municipal -pista non cuberta, piscina ou pavillón- estarán obrigadas a subscribir a correspondente póliza de seguro de responsabilidade civil por danos propios e a terceiros cunha cobertura mínima de 500.000 euros, presentando copia da correspondente póliza e copia do pagamento do último recibo no momento de facer a solicitude da instalación.

1.3.- Piscina cuberta e climatizada de Centeiras e Pavillón a Xunqueira.

As tarifas a satisfacer ao Concello pola utilización da piscina municipal cuberta e climatizada de Centeiras e pavillón de A Xunqueira axustaranse aos seguintes criterios:

1.3.1- Tarifas.

Concepto	Categorías	Total (€)
Entrada á instalación	Menores	2,2
	Adultos	3,25
	Maiores de 65 anos	2,6
Bono deporte 8 sesións	Menores	13,9
	Adultos	20,85
	Maiores de 65 anos	16,65
Bono deporte 24 sesións	Menores	36,6
	Adultos	54,8
	Maiores de 65 anos	46,3
Bono deporte 48 sesións	Menores	62,65
	Adultos	94
	Maiores de 65 anos	75,25
Bono deporte 96 sesións	Menores	94
	Adultos	141,05
	Maiores de 65 anos	112,8
Bono deporte 32 sesións	Familiar	60,9
	Menores	7,65
Escola de natación (1 sesión cada semana, Durante 1 mes)	Adultos	11,5

	Maiores de 65 anos	9,20
	Especiais * (B,E,T)	12,55
	Especiais Maiores de 65 anos (T)	10,05
Escola de natación (2 sesións cada semana, durante 1 mes)	Menores	15,3
	Adultos	22,95
	Maiores de 65 anos	18,35
	Especiais (B,E,T)	25,05
	Especiais Maiores de 65 anos (T)	20,05
Escola de natación (3 sesións cada semana, durante 1 mes)	Menores	22,95
	Adultos	34,5
	Maiores de 65 anos	27,6
	Especiais (B,E,T)	37,6
	Especiais Maiores de 65 anos (T)	30,1
Alugueiro de rúas en exclusiva (1 sesión: 45')	Adultos/senior	16,3
	Cat. Base	9,8

* As escolas especiais (B, E, T) refírense ás escolas de bebés, embarazadas e terapéutica.

O bono deporte permite ao seu posuidor a entrada ás instalacións deportivas municipais cubertas (piscina de Centieiras e Pavillón A Xunqueira) de acordo co seguinte réxime:

- ximnasio e sauna do pavillón polideportivo da Xunqueira e,
- piscina municipal para realización de baño libre, utilización do ximnasio e sauna

Cun só bono pódese acceder libremente a instalación municipal que se desexe para facer actividade física.

Os bonos regularanse polo número de usos independentemente do tempo que tarden en rematarse. As persoas que durante unha tempada non o dean esgotado poderán continuar usándoo na tempada seguinte (previo pagamento) actualizando o custo dos usos non disfrutados no caso que houberse cambio de tarifas na ordenanza fiscal.

O bono deporte poderá ser adquirido por maiores de 18 anos, baixo unha declaración xurada que están en perfectas condicións físicas para a utilización de aparatos ximnásticos.

1.4.- . Escolas deportivas no Pavillón da Xunqueira

1.4.1.- Tarifas.

Concepto	Categorías	Total
----------	------------	-------

Escola deportiva + sauna adultos no Pavillón da Xunqueira (1,5 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	5,45
	Adultos	13,05
	Maiores de 65 anos	10,45
Escola deportiva + sauna adultos no Pavillón da Xunqueira (2 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	7,35
	Adultos	17,4
	Maiores de 65 anos	13,9
Escola deportiva + sauna adultos, no Pavillón da Xunqueira (3 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	10,9
	Adultos	26,1
	Maiores de 65 anos	20,9
Escola deportiva + sauna adultos no Pavillón da Xunqueira (4 h cada Semana, durante 1 mes)	Menores	14,7
	Adultos	34,8
	Maiores de 65 anos	27,85
Escola deportiva + sauna adultos no Pavillón da Xunqueira (6 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	21,85
	Adultos	52,25
	Maiores de 65 anos	41,85

1.5.- Escolas deportivas fóra do Pavillón da Xunqueira

1.5.1. Tarifas.

Concepto	Categorías	Total
Resto de escolas deportivas: 1,5 h cada semana, (3 cotas ao ano)	Menores	12,05
	Adultos	29
	Maiores de 65 anos	23,15
Resto de escolas deportivas: 2 h cada semana, (3 cotas ao ano)	Menores	16
	Adultos	38,6
	Maiores de 65 anos	30,9
Resto de escolas deportivas: 3 h cada semana, (3 cotas ao ano)	Menores	24,1
	Adultos	58
	Maiores de 65 anos	46,4

1.6.- Obradoiros, cursos e actividades puntuais

Deportivos	Prezo €/actividade
Tenis verán	23,25 €
Tenis Nadal	12,55 €
Piragüismo	23,25 €
Outros cursos até 6 h	6,25 €

Deportivos	Prezo €actividade
Outros cursos até 20 h	15,70 €
Outros cursos por cada 10 h máis	6,25 €
Campamento de verán (7 días)	235,95 €
Campamento de verán (8 días)	262,10 €
Sendeirismo 1 día pola comarca	10,45 €
Sendeirismo 1 día fóra da comarca	20,95 €
Sendeirismo 2 días fóra da comarca	41,95 €

2. SERVIZOS SOCIOCULTURAIS.

2.1. Casa da Cultura

2.1.1. Tarifas.

Instalación ou servizo	Tarifa base	Prezo
Casa da Cultura	Salón de actos nunha xornada normal, por hora	22,85
	Salón de actos nunha xornada extraordinaria, por hora	43,85
	Salón de actos nunha xornada extraordinaria, por día	228,6

2.2. Escolas culturais

2.2.1. Tarifas.

Concepto	Categorías	Total
Escolas culturais: 1 h cada semana (3 cotas ano ano)	Menores	8
	Adultos	19,35
	Maiores de 65 ss 65 anos	15,45
Escolas culturais: 2 h cada semana (3 cotas ano ano)	Menores	16
	Adultos	38,6
	Maiores de 65 ss 65 anos	30,9
Escolas culturais: 3 h cada semana (3 cotas ano ano)	Menores	24,1
	Adultos	58
	Maiores de 65 ss 65 anos	46,4

2.3. Cursos da Aula de Informática

2.3.1. Tarifas.

Concepto	Categorías	Total
Cursos da Aula de	Até 10 h	10,9

Informática municipal	De 10 a 20 h	21,8
	Máis de 20 h	65,3

2.4. Obradoiros, cursos puntuais e entradas a espectáculos culturais

2.4.1 .- Tarifas.

Culturais	Prezo €/actividade
Verán máis alá (sen transporte. 1º membro ude familiar)	68,15 €
Verán máis alá (sen transporte. a partir do 2º membro ude familiar)	36,70 €
Verán máis alá (con transporte. 1º membro ude familiar)	89,10 €
Verán máis alá (con transporte. a partir do 2º membro ude familiar)	47,15 €
Outros cursos até 6 h	6,25 €
Outros cursos até 20 h	15,70 €
Outros cursos por cada 10 h máis	6,25 €
Xornadas (inscrición normal)	6,25 €
Xornadas (inscrición parados e estudantes)	3,15 €
Espectáculos con tarifa	3,15 €
Excursións 1 día comarca de Ferrolterra	10,45 €
Excursións de 1 día fóra da comarca	20,95 €

Entradas a espectáculos concertados co IGAEM ou a Consellaría de Cultura, 1 € para pensionistas, carné xove e carne de estudante; 3 € para público en xeral.

Para outros obradoiros e cursos as tarifas hanse determinar mediante acordo do órgano correspondente garantindo que as mesmas cubran o 50% dos custos da actividade.

Concertos fiscais

Artigo 6º

Os Clubs e entidades deportivas federadas con domicilio en Fene que utilicen os Pavillóns Polideportivos do Ramo e San Valentín así como a piscina municipal de Centieiras ou o campo de Fútbol municipal dos Pinares, pagarán as seguintes tarifas: sempre e cando se trate de usos para a práctica deportiva para os que están federados

6.1.1. Tarifas.

Concepto	Categorías	Tempo	O Ramo	A Xunqueira	Campo F 7 Os Pinares		Campo F 11 Os Pinares	
					Sin luz	Ilumin. artificial	Sin luz	Ilumin. artificial
Adestramentos	Base	1 h	7,7	10,3	10,7	12,85	17,85	20
	Resto	1 h	12,5	16,85	17,85	21,4	32,15	35,7
Adestramento terzo de pista	Base	1 h	0	6,9	-----	-----	-----	-----
	Resto	1 h	0	11,35	----	-----	-----	-----
Competicións sen despacho de entradas	Base	1 h	8,4	11,35	11,4	13,55	18,55	20,7
	Resto	1,5 h	20,85	27,85	28,55	32,15	42,85	46,45
Competicións con despacho de entradas	Base	1 h	25,3	33,8	17,15	20,35	27,85	31
	Resto	1,5 h	62,35	84	42,85	48,2	64,3	69,65

Concepto	Categorías	Tempo	O Ramo	A Xunqueira	Campo F 7 Os Pinares		Campo F 11 Os Pinares	
					Sin luz	Ilumin. artificial	Sin luz	Ilumin. artificial
Espectáculos deportivos especiais e culturais ordinarios sen despacho de entradas		1,5 h	41,45	56,05	----	----	----	----
Espectáculos deportivos especiais e culturais ordinarios con despacho de entradas		1,5 h	124,4	168,1	----	----	----	----
Festivais, maratóns, actividades análogas e Espectáculos de carácter profesional		1 día	1828,35	2468,4	----	----	----	----

6.1.2 Tarifas Piscina municipal de Centieiras:

Alugueiro de rúas en exclusiva (1 sesión: 45')	Adultos/senior	11,4
	Cat. Base	6,8

Disposición final

A presente Ordenanza, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio de 2011, permanecendo en vigor até que se acorde a súa modificación ou derogación

ORDENANZA FISCAL Nº 4, REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACION PRIVATIVA OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PUBLICO LOCAL POLAS ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRARÚAS, E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCANCÍAS DE CALQUERA CLASE.

